

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA(sede.vilagarcia.gal)**  
CELEBRADA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 17 de outubro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto. Gárdase 1 minuto de silencio en memoria das vítimas finadas con motivo dos lumes forestais acaecidos nestes días en toda Galicia e Portugal.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 28 de setembro e 7 de outubro de 2017.

2.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións, ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

3.- Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

4.- Aprobación, provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio e Incremento dos prezos das acometidas, Contadores e outros.

5.- Aprobación provisional, se procede da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais.

6.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo.

7.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa da Rede de Sumidoiros.

8.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación do Servizo e Utilización do Auditorio e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

9.- Aprobación provisional, se procede da Modificación da Ordenanza Fiscal nº II.3 Reguladora da Taxa do Cemiterio Municipal.

10.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal nº II.4 Reguladora das Taxas por Impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música.

11.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza nº III.4 Reguladora do Prezo Público pola utilización das instalacións e por impartición de ensinanzas na Escola Municipal de Música.

12.- Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal nº I.5 Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 28 DE SETEMBRO E 7 DE OUTUBRO DE 2017..-** Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade as actas do 28 de setembro e 7 de outubro de 2017.

Para acceder ó debate deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2a.-TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

**2.b.- ASUNTOS RESTANTES QUE FIGURAN NA ORDE DO DÍA A PARTIR DO Nº3 E QUE FINALIZAN NO Nº12.**

- O Sr. Alcalde indica que se debateran conxuntamente os puntos da orde do día sinalado, dende o asunto nº3 ata o asunto nº12 ambos inclusive, e procederase a realizar a votación por separado, unha vez finalizado o debate.

Para acceder ó debate dos asuntos citados deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=2b>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.-APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA. :**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse na comisión a seguinte modificación da Ordenanza Fiscal Nº 1.2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbiles (IBI) consistente no cambio do tipo de gravame aplicable aos bens de natureza urbana:

Que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar provisionalmente as modificacións propostas, quedando o artigo 2 do seguinte xeito:

“O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmables de natureza urbana queda fixado nos termos seguintes:

BENS URBÁNS: 0,53%

.../....

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxeto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxeto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Vilagarcía de Arousa, 6 de outubro de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo/ Alberto Varela Paz.

Pola Sra. Castro Vidal solicítase o informe da Tesoureira sobre a redución do tipo do IBI (urbana) a 0,53%

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do tipo de gravamen aplicable ao IBI (bens orbanos) ao 0,53%.

Figura incorporado ao expediente o informe da Tesoureira sobre o tipo de gravamen ao 0,53%.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e nove abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (6), EU(2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: aprobar provisionalmente as modificacións propostas, quedando o artigo 2 do seguinte xeito:

“O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmables de natureza urbana queda fixado nos termos seguintes:

BENS URBÁNS: 0,53%

.../....

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxeto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de

maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **4.- APROBACIÓN, PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO E INCREMENTO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS. :**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2018.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

1º.- Respecto á modificación das tarifas do art. 9 da O.F. Nº II.2, propónse a variación das tarifas actualmente en vigor para o ano 2018, conforme ó cadro reflectido no informe da Tesoureira correspondente ao apartado CUARTO, con efectos para o 2018.

2º.- Respecto á modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, propónse a variación dos prezos actualmente en vigor para o ano 2018, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +1,5% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2016 a xullo/2017), tamén con efectos para o 2018, excepto o aptdo. 4 (tarifa por reposición de subministro) que se suprime.

Propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, tal e como consta no informe da Tesoureira apartado CUARTO para a ordenanza de auga potable, e na proposta de Espina & Delfín para os prezos das acometidas, contadores e outros, suprimindo neste caso o aptdo. 4 (tarifa por reposición de subministro).

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Vilagarcía de Arousa, 6 de outubro de 2018.  
O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo/ Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con dezasete votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (6) e BNG (2), Concelleiro non adscrito (1) e tres abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2) e Somos Maioría (1)

En consecuencia ACÓRDASE por maioría a modificación das tarifas contidas no artigo 9 da Ordenanza Fiscal nº II.2 reguladora da taxa polo subministro de auga potable tal e como consta no aptdo. 4 do informe emitido pola Tesoureira.

Polo que respecta a modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, acórdase a variación dos prezos actualmente en vigor para o ano 2018, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +1,5% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2016 a xullo/2017), tamén con efectos para o 2018, excepto o aptdo. 4 (tarifa por reposición de subministro) que se suprime.

As tarifas para 2018 que se consideran axustadas a contrato, salvo calquera outro acordó do que non se teña constancia, son as seguintes: (taxa polo subministro de auga potable)

**USOS DOMÉSTICOS**

1º bloque, ata 10 m <sup>3</sup> de consumo	0,305083
2º bloque, de 11 m <sup>3</sup> a 20m <sup>3</sup>	0,384775
3º bloque, exceso de 20 m <sup>3</sup>	0,410342
Cota mensual de servizo	1,565
Cota mínima mensual	4,616

Vivendas que non teñan contador 9,87

**USO COMERCIAL**

1º bloque, ata 10 m <sup>3</sup> de consumo	0,384775
2º bloque, exceso de 10 m <sup>3</sup>	0,450752
Cota mensual de servizo	3,750
Cota mínima mensual	7,598

**USO INDUSTRIAL**

1º bloque, ata 25 m <sup>3</sup> de consumo	0,384775
2º bloque, exceso de 25 m <sup>3</sup>	0,464553
Cota mensual de servizo	3,750
Cota mínima mensual	13,370

Locais comerciais e industrias  
Que non teñan contador 20,31

**OBRAS EN CONSTRUCCIÓN**

1º bloque, ata 65 m <sup>3</sup>	0,405200
2º bloque, exceso de 65 m <sup>3</sup>	0,472305
Cota mensual de servizo	3,750

Cota mínima mensual 30,088

Canon conservación contadores 0,179

## **TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2018**

### **1.-ACOMETIDAS**

<u>Øacometida</u>	<u>Gabia terra (A)</u>	<u>Gabia asfalto (B)</u>	<u>Gabia baldosa-beirarrúa (C)</u>
¾"	183,94€	242,63€	292,85€
1"	202,02€	260,11€	309,78€
1 ½"	267,46€	326,13€	377,02€
2"	318,22	375,80€	426,02€

<u>Acometidas de mais de 5 m.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1 ½"</u>	<u>2"</u>
(A) Incremento de por m	9,65€	11,31€	20,30€	27,08€
(B) Incremento de por m	21,26€	22,90€	31,98€	38,65€
(C) Incremento de por m.	25,57€	27,19€	35,91€	42,88€

### **2.- CONTADORES**

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

- Instalación en batería de contadores ou similar
- Contador de 15/20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo 15mm....80,80€/ud,; 20mm.... 101,93€/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20mm.

- Presupostarse para cada caso.

### **TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)**

	€
Ø15mm	55,80/ud
Ø20 mm	76,93/ud
Ø25 mm	125,28/ud
Ø30 mm	175,14/ud
Ø40 mm	271,58/ud
Ø50 mm	593,21/ud
Ø65 mm	735,38/ud

### **3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE OCNTADOR PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.**

Total 18,10€/ud.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

**5.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2018.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Na variación das tarifas actualmente en vigor contidas no art. 5 da Ordenanza para o ano 2018 na porcentaxe do +1,5% correspondente ó IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2016 a xullo/2017).

En base ao exposto propónse que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2018.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2018.

Vilagarcía de Arousa, 6 de outubro de 2017.

O ALCALDE - PRESIDENTE

Asdo. Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a modificación.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (6) , BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e tres abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2018. Na porcentaxe de +1.5% correspondente ó IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2016 a xullo/2017)

As tarifas que se propoñen para o 2018 son as seguintes:

### A) COTA MÍNIMA:

#### a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,372
Uso comercial	3,238
Uso industrial	5,976

#### b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	3,346
Uso comercial	4,197
Uso industrial	9,565

### B) CONSUMO SERVICIO AUGA:

- **Uso doméstico:**

	€
Cada m <sup>3</sup> consumido	0,083357

- **Uso comercios:**

	€
Cada m <sup>3</sup> consumido	0,083357

- **Uso industrial:**

	€
Cada m <sup>3</sup> consumido	0,083357

### C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

	€
Cota fixa mensual (aboados mes)	5,976
Por cada m <sup>3</sup> verquido (medido ou aforado)	0,083357

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión



da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2018.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **6.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO. :**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.10 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación da Ordenanza Fiscal Nº II.10. Polo exposto, propoño que por parte da Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións propostas pola Sra Concelleira da Ordenanza Fiscal Nº II.10. As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

### **Art. 6:**

**c)** Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, **PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses)** e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.-** O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Vilagarcía de Arousa, 6 de outubro de 2017

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo/ Alberto Varela Paz.

Polos Sres. López Rodríguez e Suárez Sarmiento solicítase que se concrete o concepto de “parados de longa duración (maior ou igual a 12 meses)”.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a modificación.

Dáse conta na sesión Plenaria da seguinte:

ENMENDA AO DITAME DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.10 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación da Ordenanza Fiscal Nº II.10, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Aprobar provisionalmente as modificacións propostas pola Sra Concelleira da Ordenanza Fiscal Nº II.10. As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

**Art. 6:**

**c)** Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, ***PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses) (sempre que cumpran as condicións establecidas nos apartados a) ou b) anteriores)*** e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.**- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.**- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2017

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

Asdo/ Alberto Varela Paz.

Dáse conta tamén do informe de Tesourería sobre a proposta de engadir unha exención para vítimas de violencia de xénero.

Sometido a votación a enmenda ao ditame polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1) e nove abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de PP (6), EU (2) e Somos Maioría (1).

ACÓRDASE: Por maioría:

**PRIMEIRO.**- Aprobar provisionalmente as modificacións propostas pola Sra Concelleira da Ordenanza Fiscal Nº II.10. As modificacións propostas son as seguintes (en cursiva).

**Art. 6:**

c) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, **PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses)** sempre que cumpran as condicións estalbeidas nos apartados a) ou b) anteriores, e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.**- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.**- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

**7.-APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.15 REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación da Ordenanza Nº II.15. Polo exposto, propoño que, por parte da Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Aprobar provisionalmente as modificacións propostas que son as seguintes (en cursiva):

**Art. 5:**

c) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, **PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses)** e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.**- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de

maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.-** O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Vilagarcía de Arousa, 6 de outubro de 2017

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo/ Alberto Varela Paz

Polos Sres. López Rodríguez e Suárez Sarmiento solicítase que se concrete o concepto de “parados de longa duración (maior ou igual a 12 meses)”.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a modificación.

Dáse conta na sesión plenaria da seguinte:

ENMENDA AO DITAME DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.15 REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

Pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda propónse a modificación da Ordenanza Nº II.15, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións propostas que son as seguintes (en cursiva):

**Art. 5:**

**c)** Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, ***PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses) (sempre que cumpran as condicións establecidas nos apartados a) ou b) anteriores)*** e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.-** O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.  
Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2017.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

Asdo/ Alberto Varela Paz

Dáse conta tamen do informe da Tesourería sobre a proposta de engadir unha exención para vítimas de violencia de xénero.

Sometido a votación a enmenda ao ditame polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTACIÓN.-** Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e nove abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de PP (6) EU (2) e Somos Maioría (1)

**ACÓRDASE:** Por maioría:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións propostas que son as seguintes (en cursiva):

**Art. 5:**

**c)** Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social), PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI ( Renta Activa de Insercción) , así como as unidades familiares con rentas asimilables ao RISGA, ***PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses)*** sempre que cumpran as condicións establecidas nos apartados a) ou b) anteriores, e as ONG ( Organizacións non gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais ( RUEPSS) da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal obxecto da proposta no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións nas Ordenanzas Fiscais obxecto da proposta, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

**TERCEIRO.-** O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Para acceder ás votacións deste asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171017&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**8.-APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO E UTILIZACIÓN DO AUDITORIO E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. :** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº III.1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DO AUDITORIO E OUTRAS INSTALACIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

A proposta que se somete á aprobación do Pleno consiste en suprimir as tarifas que gravan a utilización da sala de exposicións Rivas Briones (Rúa Alcalde Rey Daviña).

O motivo da supresión das tarifas estimular a creación e difusión da oferta cultural, especialmente no que a artistas noveles se refire. Este grupo de goberno coa finalidade de apoiar o desenvolvemento das artes e a difusión da cultura, incrementar e poñer ao alcance dos veciños de Vilagarcía de Arousa a actividade artística das novas xeracións de artistas, e promover a participación na vida cultural do concello, especialmente entre a xuventude, considera oportuno suprimir dita tarifa.

